

Curso 17-18



PRESENTACIÓN

A Escola Permanente do Dereito na Educación Social (Escola da Rúa) nace co obxectivo de formar ás educadoras e educadores sociais en cuestións relacionadas co ámbito xurídico e o dereito, para dar resposta ás inquietudes das colexiadas e colexiados, e ás necesidades detectadas polo propio colexio profesional.

As accións formativas da Escola de Rúa encádranse en tres bloques:

Formación permanente xurídica. Contén os elementos académicos básicos imprescindibles para a formación das educadoras e educadores sociais no mundo xurídico. Formación gratuíta.

Formación especializada xurídica. Accións deseñadas para afondar en temas de interese laboral para as educadoras e educadores sociais, cun marcado carácter de especialización.

Formación en mediación. Adaptada aos requirimentos do rexistro de persoas mediadoras no Ministerio de Xustiza.

ACCIÓNS FORMATIVAS 17-18

FORMACIÓN ESPECIALIZADA

A peritaxe e a Educación Social. (3 edicións)

15-16 decembro 2017. Compostela. 8 h.

12-13 xaneiro 2018. Ourense. 8 h.

26-27 xaneiro 2018. Vigo. 8 h.

A Configuración e organización da Administración de Xustiza: Ordes xurisdicionais. O proceso xudicial. A proba. Procesos xudiciais onde cobran especial relevancia os informes que reflicten a realidade social das persoas (menores, familia, estranxeiría, violencia de xénero, ...) Peritaxe xudicial e por designación de parte. Regulación legal. Informe e ditame pericial. Comparecencia en xuízo para ratificación e aclaración do informe pericial.

FORMACIÓN PERMANENTE

Contencioso administrativo aplicado á Educación Social.

16 de febreiro 2018. Compostela. 3 h.

Dereitos da cidadanía, dereitos constitucionais, arredor da nova lei do procedemento administrativo, prego de alegacións, recurso de alzada, acceso a expediente, xustiza gratuíta, vía contencioso-administrativa.

FORM. PERM.

Acoso sexual no traballo.

9 de marzo 2018. Compostela. 3 h.

Definición e concepto do acoso. Lexislación. Protocolos de actuación. Regulación interna das empresas. Casuística. Estratexias de resposta.

FORM. ESPECIALIZADA

RETA Réxime de Traballadoras Autónomas.

23 de marzo 2018. Compostela. 3 h.

Estatuto de Traballadoras autónomas, modalidades, singularidades.

FORMACIÓN PERMANENTE

Dereitos laborais das educadoras sociais.

4 de maio 2018. Compostela. 3 h.

Convenios colectivos, tipos de contratos, reclamacións xudiciais (cantidade, categoría, despedimentos)

FORMACIÓN ESPECIALIZADA

Discapacidade.

15 de xuño 2018. Compostela. 3 h.

Valoración arredor do RD 1971/79, estatus da persoa discapacitada (beneficios laborais, sociais e educativos da condición de discapaz), vencellamento coa situación de incapacidade laboral.

Protección de datos.**29 de xuño 2018.** Compostela. 3 h.

Habeas data. Intimidade, confidencialidade, tratamento de datos, dereitos dos/as usuarias de acceso, rectificación e cancelación . Tratamento documental (expedientes administrativos, informes, imaxes etc).

Estatuto xurídico da Educación Social.**13 de xullo 2018.** Compostela. 3 h.

Colexición obrigatoria, inexistencia de reserva de actividade, acceso a prazas de emprego público (problemática, intrusismo, medios de impugnación, etc.), evolución histórica cara unha lei de educación social (problemas que solucionaría)

Formación en mediación.

Pendente de fixar programación.

O calendario pode sufrir variacións. De ser o caso, anunciaranse os cambios na web do Ceesg con suficiente antelación á data de celebración.

INSCRICIÓNS

Será necesaria a inscrición previa en calquera das actividades, tanto da formación permanente (de carácter gratuito) como da formación especializada.

Para cada acción formativa establecerase un prazo, cota (se procede), e formulario de inscrición que se publicarán na web do Ceesg.

A estas actividades aplicaráselle a [normativa da formación do Ceesg](#).

ENTIDADES COLABORADORAS

SE TES DÚBIDAS...



Tlf. 981552206

ceesg@ceesg.org